



CONSENTIMENTO E INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade co disposto no Regulamento Xeral de Protección de Datos (UE) 2016/679, do 27 de abril de 2016, e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais; facilitámoslle a información básica sobre o tratamento que se realizará sobre os seus datos no eido da actividade “*FESTIVAL DE COMPARSAS ENTROIDO 2026*”

1.Responsable do tratamento:

A organización responsable dos datos persoais que se recollan para a súa participación na actividade “*FESTIVAL DE COMPARSAS ENTROIDO 2026*” é o Concello de Neda, con dirección na Avenida de Alxeciras, 34, 15510 Neda- A Coruña e enderezo electrónico correo@neda.gal

2.Finalidade:

Os datos persoais que se obteñan da súa participación serán utilizados unicamente para a actividade relativa ao Festival de Comparsas Entroido 2026. Garántese a adopción de todas as medidas de seguridade pertinentes para a protección dos datos persoais e unicamente se recollerán aqueles que sexan estritamente necesarios para a finalidade sinalada.

3.Lexitimación:

A lexitimación para o tratamento dos seus datos persoais obtidos a través do cuestionario baséase no consentimento libre, específico, explícito e inequívoco de conformidade co artigo 6.1.a) RGPD 2016/679.

4.Destinatarios:

Non se cederán a terceiros, salvo para o cumprimento dunha obrigaición legal.

5. Dereitos:

Poderán exercitarse os dereitos xerais de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade mediante unha comunicación escrita e xuntando fotocopia do DNI dirixida ao Rexistro Xeral na mesma dirección do domicilio fiscal do Concello de Neda ou ben a través do Rexistro electrónico dirixido ao Delegado de Protección de Datos. Poderase consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos, os seus dereitos e a Política de Privacidade do Concello de Neda.



Para a realización de calquera consulta sobre o tratamento de datos persoais realizado polo Concello de Neda, ademais do Rexistro electrónico, xa mencionado, poderase enviar un correo electrónico á dirección correo@neda.gal. No caso de que entenda vulnerado algún dos seus dereitos poderá, igualmente, dirixirse á Agencia Española de Protección de Datos.

Así mesmo, os datos xerados serán tratados polos órganos, servizos e unidades do Concello de Neda para a finalidade indicada.

Os datos recollidos serán conservados durante o tempo necesario para a finalidade que se indica, salvo que dera o seu consentimento para o seu tratamento durante un prazo superior, en cuxo caso estenderase ata a revogación do mesmo. En todo caso, os seus datos serán eliminados cando deixaran de ser necesarios para a finalidade que xustificou a súa obtención e tratamento, sendo previamente debidamente bloqueados, mentres persistan responsabilidades derivadas dos concretos tratamentos realizados.

- Lin a información sobre Protección de Datos.
- Consinto a utilización dos datos persoais para a actividade *“FESTIVAL DE COMPARSAS ENTROIDO 2026”*

En....., a..... de de

Participante

Nome e apelidos:

DNI:

Sinatura: